

4.3. Cartas de presentación e autocandidatura

Tanto a carta de presentación como a autocandidatura están presentes cando adoptas unha busca activa de emprego:

- A **carta de presentación** é unha das ferramentas principais que utilizarás para establecer un contacto directo coas empresas.
- A **autocandidatura** é unha das técnicas que mellor representan unha busca activa de emprego, posto que tomas a iniciativa para establecer un contacto coas empresas sen que exista unha oferta de traballo previa por parte destas.

A continuación pasamos a describir as características desta ferramenta e desta técnica de busca de emprego.

Carta de presentación

A carta de presentación é un documento no que lle presentas a túa candidatura/autocandidatura a unha empresa e no que recolles aqueles aspectos do teu *currículum* que mellor poden conectar cos intereses da empresa á que dirixes esa carta.

É un documento que utilizarás para acompañar aos CV que LLES envíes ás empresas e representa o primeiro sinal de identidade que ti presentas ás empresas.

Os **obxectivos** da carta de presentación son, xa que logo:

- Presentarte ás empresas, destacando os aspectos do teu currículum que mellor poden conectar coas súas demandas de persoal.
- Atraer a atención da persoa que recibe a carta de presentación e lograr que se interese polo teu historial académico e profesional: analizando o teu CV e/ou concertando unha entrevista persoal contigo.

A carta de presentación presenta dúas **tipoloxías principais**:

- De **RESPOSTA A UNHA OFERTA DE EMPREGO**.

Trátase dunha carta que envías acompañada do teu CV a unha empresa que fai pública unha oferta de emprego. Podes ter coñecemento desta oferta de emprego a través de diferentes medios:

- Publicación nos medios de comunicación (prensa, radio, TV, Internet...)
- Taboleiros de anuncios dos centros de traballo da empresa.
- Taboleiros de anuncios de centros educativos.
- Bolsa de emprego de institucións e/ou asociacións.
- Difusión a través de organismos de intermediación laboral: oficinas de emprego, servizos de orientación laboral, sindicatos, empresas de traballo temporal, etc.

■ De AUTOCANDIDATURA

É unha carta que envías por iniciativa propia a unha empresa, acompañada do teu C.V. , sen que exista unha oferta de traballo previa. A autocandidatura esixe, pola túa parte, unha iniciativa individual, persoal e directa para o contacto co contorno empresarial e representa, xa que logo, un importante sinal de "actividade" no teu proceso de busca de emprego. Máis adiante falaremos das características máis significativas da autocandidatura.

A carta de presentación, tanto na súa primeira tipoloxía coma na segunda, presenta unha estrutura xenérica que debe comprender, polo menos, as seguintes partes fundamentais:

ENCABEZAMENTO	<ul style="list-style-type: none">- Remitente: inclúe os teus datos persoais: nome, enderezo, código postal e número de teléfono.- Empresa/entidade destinataria: inclúe o nome e enderezo.- Lugar e data: indica o lugar dende o que envías a carta e a data na que a envías.
SAÚDO	<ul style="list-style-type: none">- Inicia a carta cun saúdo formal: "moi señor meu", "Señor/a" ,...
INTRODUCCIÓN	<ul style="list-style-type: none">- Explica o motivo polo que envías a carta, que pode ser para dar resposta a unha oferta de emprego (indica os datos da oferta á que te refires) ou ben para presentar a túa autocandidatura (xustifica o porqué te pos en contacto coa empresa: "<i>porque acabas de finalizar os estudos</i>"...).
EXPOSICIÓN	<ul style="list-style-type: none">- Neste apartado destacarás os datos do teu historial académico e profesional que mellor encaixan coa actividade da empresa ou coa oferta concreta á que te presentas.- Intenta venderlle á persoa que le a carta por que es a persoa que pode encaixar na oferta de emprego concreta ou no cadro de persoal da empresa.
DESPEDIDA	<ul style="list-style-type: none">- Aproveita esta última parte da carta para solicitar unha entrevista destinada a ampliar a información que facilitas na carta de presentación e no CV que a acompaña.- Finalizarás a carta cunha despedida formal e agradecemento (por exemplo: "<i>Grazas pola súa atención, reciba un cordial saúdo</i>" ...).
PECHE	<ul style="list-style-type: none">- Asina a carta.- Indica o teu nome e apelidos.

RECOMENDACIÓNS para elaborar a túa carta de presentación

- Linguaxe: utiliza **FRASES CLARAS e BREVES**. Expresións directas e concretas. Evita servilismos e frases negativas.
- Extensión: máximo 1 páxina.
- Formato:
 - Presentación ordenada.
 - Formato orixinal, envía a carta orixinal e garda unha copia para que poidas levar un control das cartas que envías (data, texto, datos que destacaches).
 - Mecanografada ou a ordenador e sen faltas de ortografía. Enviarala manuscrita, só se cho require a empresa.
 - Personalizada, segundo as esixencias do posto de traballo ao que queiras optar. Non fagas un modelo estándar.

Exemplo de carta
de presentación
Resposta a unha oferta de
emprego

Carme Carnota Siñeriz
r/ Avila, n°1 1° A
15400 Ferrol

Hotel Muros
r/ Lugo, n°4 1° Z
16200 Muros

Sr./a.:

En relación coa oferta de traballo do posto de referencia "Téc.información e animación turística", dirixome a vostede co fin de remitirle o currículo solicitado.

Como observarán no currículo que achego coa presente carta, conto con coñecementos e experiencia na área de Información e Animación Turística en virtude do traballo desenvolvido en diferentes empresas do sector turístico do Concello de Ferrol; realicei tamén tarefas de información, atención ao público e planificación de visitas turísticas e diferentes actividades neste área.

Por todo isto, pónome a súa disposición para establecer unha entrevista na que poder ampliar toda esta información.

Á espera de noticias súas, reciba un cordial saúdo

Carme Carnota Siñeriz
r/ Avila, n°1 1° A
15400 Ferrol

Hotel Muros
r/ Lugo, n°4 1° Z
16200 Muros

Carmen Carnota Siñeriz

Sr./a.:

Dirixome a vostede porque acabo de rematar os estudos nos que adquirín a titulación de Técnica superior de información e comercialización turísticas e gustaríame presentarlle a miña candidatura para poder incorporarme ao cadro de persoal da súa empresa.

En virtude da formación que adquirín e das posibilidades que, nos últimos anos, tiven de contactar co contorno empresarial relacionado co sector turístico, penso que conto con importantes cualidades e aptitudes para realizar con éxito un traballo profesional nos ámbitos de actividade que se desenvolven na súa empresa, especialmente nas áreas de atención ao público e de deseño e execución de actividades relacionadas con visitas e animación turísticas.

Por todo isto pónome a súa disposición para establecer unha entrevista na que poder ampliar toda esta información.

Á espera de noticias súas, reciba un cordial saúdo

Carmen Carnota Siñeriz

Exemplo de carta
de presentación
Autocandidatura

Autocandidatura

A autocandidatura é unha opción de busca activa de emprego que esixe, pola túa parte, unha iniciativa individual, persoal e directa para contactar coas empresas, sen que exista unha oferta de emprego previa. Representa, xa que logo, un importante sinal de "actividade" no teu proceso de busca de emprego.

A autocandidatura esixe que cumpras, polo menos, tres **requisitos fundamentais**:

- Ter definido o teu **obxectivo profesional**.
- Ter **identificadas as empresas/entidades** coas que che pode interesar contactar (nome, enderezo, forma de contacto). Para acceder a este tipo de información podes consultar:
 - Información que publican os medios de comunicación (prensa, radio, TV, Internet)
 - Datos que publican as cámaras de comercio.
 - Datos que publican as asociacións empresariais.
 - Información que ofrecen os organismos especializados en intermediación laboral (servizos de orientación laboral, oficinas de emprego, sindicatos, empresas dedicadas á selección de persoal...).
 - Información que ofrecen os directorios xenéricos (páxinas amarelas...) ou directorios específicos de empresas, etc
- **Lograr contactar**, dentro das empresas/entidades, coa persoa adecuada para atender a túa solicitude (de emprego, de entrevista...).

Podes elixir diferentes **fórmulas para presentar a túa autocandidatura**; as máis habituais son as seguintes:

POR TELÉFONO

Chamas por teléfono á empresa para solicitar unha entrevista "cara a cara". É importante que teñas en conta o seguinte:

- Prepara o que vas dicir antes de efectuar a chamada.
- Preséntate e pregunta con quen falas.
- Expón de forma clara e breve o motivo da túa chamada, intenta asegurarte de que estás a falar coa persoa máis adecuada para atender a túa solicitude.
- Ten en conta a hora á que chamas (inicialmente intenta chamar a primeiras horas da mañá ou da tarde e, en todo caso, á hora que che indiquen na empresa á que te dirixes).
- Agradece, na despedida, a atención prestada.

POR CARTA

Redactas una carta de autocandidatura que acompañe ao teu currículum vitae.

PERSONALMENTE

Realizas unha visita á empresa/institución á que te dirixes. É importante que cando chegues á empresa/institución:

- Te presentes.
- Preguntes pola persoa ou departamento responsable da selección de persoal.
- Intentes lograr que esa persoa/ departamento te reciba para manter unha entrevista. Se non fose posible, nese momento, intenta concertar unha entrevista para outro día.

Leva contigo o teu *currículum vitae* para entregarllo, se é o caso, á persoa coa que te entrevistes.

PUBLICANDO UN ANUNCIO

Outra forma de presentar a túa autocandidatura é anunciar a túa dispoñibilidade para traballar:

a) Publicando un anuncio en:

- Seccións específicas dos xornais.
- Programas específicos da radio ou da TV.
- Seccións específicas de revistas especializadas de emprego.

Solicita a publicación do anuncio á entidade encargada de publicar ou editar o programa.

b) Pegando carteis en taboleiros de anuncios de asociacións, empresas ou entidades que desenvolven unha actividade relacionada co tipo de traballo que queres desempeñar ou ás que acoden clientes que poderían estar interesados no traballo que desenvolves. Por exemplo, no taboleiro de anuncios dun centro educativo pode anunciarse unha persoa que queira traballar cuidando nenos.

Solicita permiso á asociación, empresa ou entidade para pegar o cartel no seu taboleiro de anuncios.